





sumario

Admisión de alumnos 07/08	2
Editorial	3
Artigos	
Ampliar as mensaxes verbais dos nenos. Oe ben o meu fillo? RAQUEL PADRONES GARCÍA Atender para escoitar, escoitar para entender. IGNACIO LÓPEZ PRESEDO TI que queres ser? MARITA VILAR ARMAS	4 5/6 6
Colaboracións	
 Os Bolechas Biblioteca 33 As TIC en EI PEPITA MARTÍNEZ Experimento A miña nai frega...meu pai tamén A estación meteorolóxica	7 8 9 10
O recanto do escritor O recanto do lector	11/12
O día da Paz	13
Letras Galegas '07	14
O Entroido	15/18
Actividades complementarias	19/22
Granxa Serantellos A Maga Esther Actuación Musical Cinensino Educación Vial Teatro Merlín Plantando libros O paladín de Francia Música tradicional Declaración do milenio	
Comenius: Auga para a vida	23/25
Feito por nós	26/29
A biodiversidade ameazada O asteroide Apofis Pasatempos	29
ANPA	31

editorial

Antonio Fernández Regos
Director



Polos fillos dáse todo, entregase todo ; Cantos désvéos; cantas preocupacións! Moitas veces este sacrificio, esta abnegación dura toda a vida.

Para as nais e os pais os fillos sempre son as súas nenas e os seus nenos.

Esta xenerosidade dos pais non sempre vai recoñecida porque falta nos fillos o agradecemento que se debe aos proxenitores.

Con frecuencia a falta de harmonía familiar en etapas claves do desenrolo dous fillos, remata nunha rotura dous lazos familiares entre pais e fillos, nun esquecemento do pasado, volvéndose o amor en indiferenza.

Non digo que algúns fillos non teñan parte de culpa, pero algunhas veces, os pais non lle prestamos a debida atención e comprensión; fáltanos paciencia e calma.

Os fillos son ou que mais queremos non mundo e, aínda que teñan medrado, hai que dicirullo. Máis que bens materiais (moitas veces en exceso), os fillos necesitan dos seus pais EDUCACIÓN E CARIÑO.

Os bos modais, ou respecto, a tolerancia, a bondade, xenerosidade, entrega, xustiza, constancia... son bens e valores, que non se poden mercar e que sempre perduran.

Para a súa estabilidade emocional, para saír airosos de cantas probas se lle presentan na vida, os fillos necesitan saberse queridos e que a súa nai e o seu pai estean sempre presentes para axudarlles. ;Teñen que aprender que nada se acaba sen esforzo e sacrificio; que as tarefas da casa son de todos! ;Hai que crear neles hábitos de estudo, ter paciencia, non desesperar!

As árbores necesitan apoio e coidados para medrar dereitos, e despois, cando chega a hora, dan os seus froitos.

Falade cos fillos, contádelle ás vosas experiencias, e eles diranvos a onde van, que fan, as súas inquedanzas, as súas penas, dúbidas e tristuras, así coma as súas alegrías.

A medida que vaian sendo maiores, ide dándolles liberdade e responsabilidade para que eles elixan o seu futuro, pero non esquecerse sempre de aconsellalos.

Novas



Proximamente actualizarase e poñerase en funcionamento a web do noso colexio. Con ese obxecto desplazouse hai uns días ata o noso colexio, un técnico da Consellería de Educación para explicar o funcionamento dun modelo que servirá de plantilla para as web de todos os centros de Galiza.

ELECCIÓN DE DIRECTOR@S

A Consellería de Educación convocou concurso de méritos para a selección e nomeamento de directores, o CEIP PÍO XII tamén lle corresponde nomeamento para o vindeiro curso 2007-2008 e por un período de 4 anos. Pódese presentar calquera profesor/a que teña unha antigüidade de cinco anos como funcionario docente.

Os solicitantes deben presentar un proxecto de dirección cos obxectivos e liñas de actuación así coma a súa avaliación, estando unha copia do mesmo a disposición do Claustro de Profesores e do Consello Escolar.

Formarase unha comisión de selección formada por tres membros mestres/as do Claustro de profesores elixidos por votación e tres membros do Consello Escolar elixidos por votación que non sexan mestres/as, ademais dun Inspector/a de educación nomeado polo Delegado Provincial, esta comisión valorará os méritos profesionais, académicos e o proxecto presentado de cada aspirante.

Publicidade


MAYSO
 Telf. 981 59 43 73 - Rosalía de Castro, 23 - 15706 SANTIAGO DE COMPOSTELA
 e-mail: maysolibreria@mundo-r.com
 www.maysopapeleria.com.es
 MATERIAL OFICINA - ESCOLA - LIBRERÍA
 XOGOS EDUCATIVOS - CONSUMIBLES INFORMÁTICOS


abraxas


AULA 25. Santiago de Chile 25. CP 15702. Tlf 981593655
AULA 25 D.E. Salvadas 37 baixo. CP 15705. Tlf 981554158
ABRAXAS. Rua Nova de Aboixo 3. CP 15706. Tlf 981592030
ABRAXAS. Montero Rios 50. CP 15706. Tlf 981580377